

a clásica



ESCO  
ITAS

TEMPADA 2022/2023

# a clásica

COLABORAN



Universidade de Vigo



Welgood

Deseño da programación: Manuel Martínez Torres  
Dirección artística: Manuel Martínez Álvarez-Nava  
Deseño e imaxe: Carmen Itamad Cremades Romero




Depósito Legal: VG 448-2022

# ESCO ITAS

Un dos aspectos máis interesantes da escoita supón o feito de recoñecer a existencia dun outro e entender o seu valor. Neste sentido, as artes non son un monólogo estático nas que a persoa emisora ten sempre razón e a última palabra, pois require desa necesaria validación. escoitar convértese, polo tanto, nun acto decisivo de toma de poder, algo que neste momento podería ser ata subversivo.

A escoita implica punto de vista, vontade e interese, colocando a recepción no centro da acción. Este acto permítenos entender ao outro e presentalo nun plano de igualdade. Nun concerto prodúcese un dobre xogo de escoitas onde orquestra e público perciben e interpretan de forma simultánea feitos semellantes pero non necesariamente iguais. Un proceso realmente interesante onde aflora esa curiosidade que nos permite coñecer, descubrir, rachar, mellorar e incluso reafirmar o que somos. Eses límites do outro que, segundo Chesterton, nos permiten ser.

A Orquesta Clásica de Vigo ofrecerá a través de cinco concertos, distintas escoitas que mostrarán, coma sempre, un



punto de vista diverso e vivo dese paraugas complexo que é a música sinfónica. Nesta nova tempada queremos escoitar obras tan diversas en estilos como en procedencia e, sobre todo, poñer en valor a impronta da nosa orquestra sobre elas. Esas diferenzas vivas e efémeras propias da interpretación en directo que converten os concertos en algo único que ten lugar nun tempo e un espazo determinado. Cinco escoitas coas que queremos reivindicar o teatro como punto de encontro necesario para que isto suceda e, sobre todo, o papel fundamental do espectador para que a obra ocorra neste acto colectivo. Un xogo de moitos actores, todos cun papel fundamental.

Benvidos e benvidas a esta nova tempada da Orquesta Clásica de Vigo pois escoitar é cousa de todos e todas.

Escoitemos.

MANUEL MARTÍNEZ TORRES



22.10.2022 | 20:30 | TEATRO AFUNDACIÓN (VIGO)

## ELGAR

CONCERTO PARA VIOLONCHELO E ORQUESTRA,  
DE E. ELGAR / SOLISTA: GUILLERMO PASTRANA

29.12.2022 | 20:30 | TEATRO AFUNDACIÓN (VIGO)

## CONCERTO EXTRAORDINARIO DE NADAL

O PAXARO DE FOGO (SUITE), DE Í. STRAVINSKI

04.02.2023 | 20:30 | TEATRO AFUNDACIÓN (VIGO)

## GLASS

CONCERTO PARA VIOLÍN E ORQUESTRA N.º 1,  
DE P. GLASS / SOLISTA: MARCOS ESCOBAR

26.03.2023 | 20:30

AUDITORIO DO TEATRO AFUNDACIÓN (VIGO)

## CANTO DE EMIGRACIÓN

PELÍCULA CON MÚSICA EN DIRECTO, DE T. R. PÁRAMOS

06.05.2023 | 20:30 | TEATRO AFUNDACIÓN (VIGO)

## CHAIKOVSKI

CONCERTO PARA PIANO E ORQUESTRA N.º 1, DE P. I.  
CHAIKOVSKI / SOLISTA: GIUSEPPE ANDALORO

## SOLISTAS

- ▶ GUILLERMO PASTRANA, VIOLONCHELO
- ▶ MARCOS ESCOBAR, VIOLÍN
- ▶ GIUSEPPE ANDALORO, PIANO

## DIRECTOR

- ▶ MANUEL MARTÍNEZ ÁLVAREZ-NAVA

## ESTREAS

NESTA TEMPADA OFRECEREMOS A ESTREA DE TRES OBRAS COMPOSTAS POR ARTISTAS GALEGOS:

- ▶ TEMPESTAS, ISMAEL AMOEDO COLLAZO  
PRIMEIRO PREMIO
- ▶ PRELUDIO DA NOITE SULAGADA, CARME RODRÍGUEZ  
SEGUNDO PREMIO
- ▶ PRELUDIO E FUGA, DE MANUEL M.<sup>a</sup> VEIGA LOMBARDÍA  
TERCEIRO PREMIO

ESTAS TRES OBRAS RESULTARON GAÑADORAS DE CREACLÁSICA, CERTAME PARA COMPOSITORES EMERXENTES ORGANIZADO POLA ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO COA COLABORACIÓN DA FUNDACIÓN SGAE EN GALICIA.



22.10.2022 | 20:30 | TEATRO AFUNDACIÓN (VIGO)

## ELGAR

SOLISTA: GUILLERMO PASTRANA

DIRIXE: MANUEL MARTÍNEZ ÁLVAREZ-NAVA

O *Concerto para violonchelo e orquestra*, composto en 1919 por Edward Elgar, é unha das pezas máis recoñecidas para este instrumento, sobre todo tras o paso na década dos anos 60 do século pasado polas mans de Jacqueline du Pré, artista que elevou esta obra á súa categoría actual. Este concerto trátase dunha obra complexa, visceral e única que será interpretada polo solista Guillermo Pastrana.

Por outra banda, este programa será completado coa interpretación da *Suite xaponesa* de Gustav Holst, unha peza bastante inusual deste compositor británico que comparte época e estilo e nacionalidade co anterior. Estas dúas obras conforman unha visión do mundo dende unha escoita británica.

Este concerto estará precedido pola estrea de *Tempestas*, composta polo galego Ismael Amoedo, artista gañador no ano 2019 do certame CreaClásica, nunha aposta da Orquesta Clásica de Vigo pola creación contemporánea.

### PROGRAMA

- *Tempestas*, de Ismael Amoedo Collazo (estrea)
- *Concerto para violonchelo e orquestra, op. 85*, de E. Elgar
- *Suite xaponesa, op. 33*, de G. Holst

29.12.2022 | 20:30 | TEATRO AFUNDACIÓN (VIGO)

# CONCERTO EXTRAORDINARIO DE NADAL

DIRIXE: MANUEL MARTÍNEZ ÁLVAREZ-NAVA

A produción artística de Manuel de Falla e Ígor Stravinski estará interconectada a través das similitudes e premisas formais que se agochan nas súas pezas. Dous artistas únicos para os que a cidade de París será o punto de unión que abriu esa xanela á vangarda nas que están presentes as características propias de cada cultura, esas historias, ritmos e melodías impresas no máis fondo da identidade.

Este programa busca mostrar esa escoita ao popular, á música de raíz, efectuada dende o mundo académico. Esa visión vangardista daqueles que entenderon que non existía a vangarda sen territorio, e que non había futuro sen memoria.

O concerto de Nadal despedirá o ano cunha escoita destes dous artistas fundamentais a través da interpretación da suite do *Sombreiro de tres picos* e *O paxaro de fogo*, obras cargadas de floklore, memoria e modernidade.

## PROGRAMA

- *O sombreiro de tres picos, suite*, de M. de Falla
- *O paxaro de fogo, suite*, de Í. Stravinski



04.02.2023 | 20:30 | TEATRO AFUNDACIÓN (VIGO)

## GLASS

SOLISTA: MARCOS ESCOBAR

DIRIXE: MANUEL MARTÍNEZ ÁLVAREZ-NAVA

O minimalismo ou música repetitiva é un dos estilos máis destacados da segunda metade do século XX, que centra a súa esencia na importancia do ritmo e que nace nos EUA como movemento continuador das ideas vangardistas de John Cage. Sería Terry Riley quen abriría o camiño coa súa mítica obra *In C*, dando comezo a unha liña de investigación e a creación que elevaron artistas como, Steve Reich ou Philip Glass, a quen lle dedicaremos este concerto.

Se ben é certo que nos primeiros anos da súa carreira este compositor centrou o seu traballo nos aspectos máis vangardistas, o seu concerto de violín supuxo un punto de inflexión, pois é a primeira peza composta seguindo a forma tradicional de composición. Dividida en tres movementos sen título, o concerto explora a capacidade solista do violín de perder esa esencia repetitiva e carente de sentido propia do movemento minimalista.

Este concerto será interpretado polo violinista galego Marcos Escobar, artista que foi concertino da Orquesta Clásica de Vigo na década de 1990 e que agora volve formar parte desta formación como solista.

### PROGRAMA

- *Preludio e fuga*, de Manuel María Veiga Lombardía (estrea)
- *Concerto para violín e orquestra n.º 1*, de Philip Glass

26.03.2023 | 20:30 | AUDITORIO DO TEATRO AFUNDACIÓN

## CANTO DE EMIGRACIÓN

MÚSICA ORIXINAL: T. R. PÁRAMOS | DIRECCIÓN  
DO FILME: PEPE COIRA | DIRECCIÓN MUSICAL E  
ARRANXOS: MANUEL MARTÍNEZ ÁLVAREZ-NAVA

No ano 1935 estreábase en Madrid a primeira película do director ourensán Antonio Román, un filme de vinte minutos realizado á maneira da vangarda socialista que retrataba a dureza do traballo no campo e o drama da emigración seguindo o fío conductor da música do compositor tudense Teódulo R. Páramos. Este filme perdeuse tras a guerra e na actualidade o material localizado son as cartas, o guión, entrevistas en revistas da época, dous fotogramas e o manuscrito da partitura orixinal, conservado con celo pola familia do compositor.

*Canto de emigración* é un traballo de reconstrución dirixido polo cineasta Pepe Coira no que se busca chegar á imaxe a través dos vestixios existentes, empregando á partitura como fonte principal. Un proceso xerado á inversa das recreacións habituais.

O concerto terá como centro esta peza única, poñéndoa en relación coa música dos cafés, cinemas e teatros da cidade, nos que Páramos participaba activamente. Obras compostas principalmente para sexteto e formacións variables en función das necesidades e esixencias puntuais, que conxugaban o carácter internacional das modas do momento coa reivindicación do galeguismo para vestir os actos sociais da época.

### PROGRAMA

— *Canto de emigración*. Película con música en directo.

29.04.2023 | 20:30 | TEATRO AFUNDACIÓN (VIGO)

# CHAIKOVSKI

SOLISTA: GIUSEPPE ANDALORO

DIRIXE: MANUEL MARTÍNEZ ÁLVAREZ-NAVA

O *Concerto para piano n.º 1* constitúe o máis coñecido da súa produción de tres obras para este instrumento. Unha auténtica discusión apaixonada entre piano e orquestra polo dominio do concerto que, como as grandes obras que conforman esta tempada, se constrúe como un concerto atípico dentro da produción para este instrumento.

A melodía coa que comeza este concerto é unha das máis coñecidas da historia da música, un motivo poderoso que, ao parecer, foi escoitado polo compositor a un grupo de músicos de rúa, motivo que posteriormente instrumentalizou e inmortalizou neste concerto. Esta historia relata esa comunicación entre o popular e o académico, feito que será unha constante que advertiremos en máis ocasións na obra deste artista.

Este concerto é unha obra apaixonada de principio a fin e caracterizada, como é a produción do compositor, polos extremos e o patetismo que nos levarán dun xeito espectacular do mínimo ao grandioso sen deixar espazo para o descanso.

Unha escoita verdadeiramente imperdible.

## PROGRAMA

- *Preludio da noite sulagada*, de Carme Rodríguez (estrea)
- *Concerto para piano e orquestra n.º 1, op. 23*, de P. I. Chaikovski

# PREZOS

## CONCERTOS NO TEATRO AFUNDACIÓN

<b>TIPO DE LOCALIDAD</b>	<b>PREZO</b>
Patio de butacas	14,00 €
Patio de butacas, visibilidade reducida	14,00 €
Primeiro anfiteatro	13,00 €
Anfiteatro central	15,00 €
Primeiro anfiteatro, visibilidade reducida	13,00 €
Segundo anfiteatro	12,00 €
Segundo anfiteatro, visibilidade reducida	10,00 €
Terceiro anfiteatro	7,00 €
Terceiro anfiteatro, visibilidade reducida	5,00 €

## CONCERTO EXTRAORDINARIO DE NADAL

<b>TIPO DE LOCALIDAD</b>	<b>PREZO</b>
Patio de butacas	16,00 €
Patio de butacas, visibilidade reducida	16,00 €
Primeiro anfiteatro	15,00 €
Anfiteatro central	17,00 €
Primeiro anfiteatro, visibilidade reducida	15,00 €
Segundo anfiteatro	14,00 €
Segundo anfiteatro, visibilidade reducida	12,00 €
Terceiro anfiteatro	7,00 €
Terceiro anfiteatro, visibilidade reducida	5,00 €

CONCERTO NO AUDITORIO DO TEATRO  
AFUNDACIÓN (CANTO DE EMIGRACIÓN)

<b>TIPO DE LOCALIDAD</b>	<b>PREZO</b>
Xeral	13,00 €

**ABONOS**

<b>TIPO</b>	<b>PREZO</b>
Xeral	65,00 €
Xove < 30	35,00 €

**DESCONTOS TAQUILLA**

<b>ÚLTIMA HORA EN TAQUILLA</b>	<b>PREZO</b>
Xove < 30	5,00 €



## **GUILLERMO PASTRANA**

Guillermo Pastrana é un dos grandes talentos do violoncelo actual en España, o que o fixo acreedor do Premio Ollo Crítico de Radio Nacional 2014 e do Premio Selecta Mozo en 2015. Naceu en Granada en 1983 e comezou os seus estudos aos seis anos no conservatorio da devandita cidade. Desde moi pequeno mostrou un amor inmenso cara á música e, moi especialmente, cara ao violoncelo como medio de expresión dos seus sentimentos.

Guillermo Pastrana obtivo un gran recoñecemento ao ser convidado para tocar o Stradivarius do Palacio Real nun concerto memorable, organizado por Patrimonio Nacional. A Sinfónica de Castela e León encargou ao Premio Nacional de Música David do Porto o seu Concerto nº1 para violoncelo e orquestra, titulado Campos de Tauro, dedicado e estreado por Guillermo Pastrana en 2014, cun triunfo que supuxo unha lombeirada definitiva á súa carreira en España.

En España obtivo grandes éxitos xunto ás máis destacadas orquestras do noso país baixo a dirección de grandes directores como Michal Nesterowicz, Paul Daniel, Josep Vicent, Kazuki Yamada, Manuel Hernández Silva, Miguel Ángel Gómez-Martínez, Alejandro Pousada, Aldo Ceccato, Antoni Wit, Álvaro Albiach e Miguel Harth-Bedoya, entre outros. Ademais, ofreceu recitais en moitos dos nosos festivais máis

importantes e gravou para Radio Nacional de España, que retransmitiu moitos dos seus concertos a través de Radio Clásica. Na actualidade, compaxina a súa actividade concertística coa docencia.

## **MARCOS ESCOBAR**

Nado en Vigo. Estuda no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde se gradúa coas máximas calificacións, no Real Conservatorio de Bruxelas, e no Koninklijk Conservatorium de Utrecht (Holanda), onde finaliza seus estudos. Estuda cos profesores Manuel Martínez, Endré Kleve (Bruxelas), Joaquín Torre (Madrid), Eeva Koskinen e Karen Turpie (Utrecht).

É concertino da Orquestra Clásica de Vigo durante varios anos, orquestra coa que actuou como solista en varias ocasións, e é primeiro violín do Cuarteto de Cordas Eber, co que asiste a cursos como o Stage (Barcelona), cos profesores Jesse Levine, o Trio Fontenay e o cuarteto Endellion. Asiste a diversos cursos de violín entre os que cabe destacar o Keshet Eilon`97, de Israel, onde recibe clases maxistras de profesores como Shlomo Mintz ou Itzack Rashkowsky. Tamén recibiu clases dos profesores Gerard Claret, Olga vilkomirskaya, Donald White (autor de "The inner game of music"). Forma parte da Joven Orquesta Nacional dende 1993 a 1996, da Xoven Orquesta da Sinfónica de Galicia (en ambas é becario). Forma parte do Taller Ins-

trumental de Música do CGAC De Santiago, actuando con directores como Pierre- Andre Valade, e en cidades como Boston, Vigo e Barcelona. Froito dese proxecto, na actualidade é membro fundador do grupo de música contemporánea Ensemble Nordesia (www.ensemblenordesia.com), proxecto co que está moi comprometido. No campo da pedagogía, traballou como mestre de violín en escolas como Real Musical de Majadahonda (Madrid), o Conservatorio Profesional de Ferrol ou o Conservatorio Profesional de Música de Vigo, onde desenvolve hoxe en día a súa actividade pedagóxica, compaxinándoa coa de concertino da Orquestra Vigo 430 ata a primavera de 2015, coa que traballou con solistas como Christophe Coin, Gordan Nikolic, Alex Cardenas entre outros, baixo a dirección de Alejandro Garrido. É membro fundador do Ensemble Galería, tamén dirixido por este último e violín primeiro do Cuarteto Dumka.

#### **GIUSEPPE ANDALORO**

Giuseppe Andaloro está considerado como un dos artistas máis apreciados da súa xeración.

Foi convidado por renomeados festivais (Salzburger Festspiele, Ruhr Klavier, Spoleto Due Mondi, Bucarest Enescu, Ravello, "Chopin" Duszniki-Zdrój, A.B. Michelangeli di Brescia e Bergamo, "Al Bustan" Beirut, "Mehli-Mehta" Mumbai) así como algunha das máis importantes salas de concer-

to do mundo, incluída La Scala en Milán, Salle Gaveau en París, Konzerthaus en Berlín, Royal Festival Hall and Queen Elizabeth Hall en Londres, Santa Cecilia no Parco della Musica en Roma, Rudolfinum Dvorák Hall en Praga, o Anfiteatro Simón Bolívar en Cidade de México, Teatro Oriente en Santiago de Chile, Sumida Triphony Hall en Tokyo, Esplanade Auditorium en Singapur ou o City Hall Concert Hall en Hong Kong.

Habitualmente toca con grandes orquestras como a London Philharmonic, Tokyo NHK Symphony, Singapore Symphony, Hong Kong Philharmonic, Philharmonische Camerata Berlin, London Mozart Players, Czech Philharmonic Orchestra, e grandes directores como Vladimir Ashkenazy, Jean-Jacques Kantorow, Gianandrea Noseda, Andrew Parrott, así como artistas aclamados internacionalmente como Sarah Chang, Giovanni Sollima, Sergej Krylov, Svetlin Roussev, John Malkovich. É gañador do primeiro premio nalgunhas das máis prestixiosas competicións internacionais de piano como "Ferruccio Busoni" en Bolzano, London Int. Piano Competition, Porto, Sendai, Hong Kong.

En 2005 foi galardonado coa medalla ao mérito artístico do Ministerio de Patrimonio e Cultura de Italia.

**a clásica**